Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 9 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 9 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 214

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Declaración da caducidade da Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2023

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en sesión ordinaria de data 02/11/2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CARBALLO DO ANO 2023. DECLARACIÓN DE CADUCIDADE

Primeiro.- Declarar a caducidade da oferta de emprego público do exercicio 2023, aprobada por Resolución de Alcaldía 822/2023, de data 29 de marzo de 2023, e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 17 de abril de 2023, polo transcurso do prazo improrrogable de tres anos para a súa execución prevista no artigo 70 do Estatuto Básico do empregado público, respecto das seguintes prazas:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Grupo (art. 76 RDL 5/2015)	Clasificación	Nº Prazas	Denominación	Acceso
C2	Escala Administración Xeral. Subescala Auxiliar	1	Auxiliar	Libre
A2	Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase Técnicos Medios	1	Arquiveiro	Libre

PERSOAL LABORAL FIXO

Categoría profesional	Denominación	Nº Prazas	Acceso
Grupo IV	Monitor socorrista	1	Libre

Segundo.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Carballo.

Carballo, 04 de novembro de 2026

O alcalde

José Daniel Pérez López

2026/7220

Número de anuncio 2026/7220